



## O Día Internacional dos Xitanos celebrouse onte na Praza de Galicia

REDACCIÓN > FERROL

■ A Fundación Secretariado Gitano (FSG) celebrou onte na Praza de Galicia o Día Internacional dos Xitanos cun reparto de quince dúcias de caraveis no que participaron unha vintena de mulleres de etnia xitana. Unha delas, María Jesús, de 27 anos e residente en Narón, recoñecía que sentira a discriminación nalgunha que outra ocasión. A rapaza participaba por primeira vez neste acto e valorando este tipo de iniciativas en favor da igualdade.

Finalizado o reparto, Iria Fandiño, técnico de intervención social da FSG anunciaba que debido ao recente pasamento dunha das mulleres se decidiu trasladar para dentro de dúas semanas a tradicional cerimonia do río. Esta terá lugar no parque fluvial do río Freixeiro, onde se procederá a ler un manifesto, tamén haberá un



Mulleres de etnia xitana implicáronse no reparto de caraveis

J. MEIS

acto floral e se degustará un café xitano, tal e como estaba previsto inicialmente para a tarde de onte.

Para conmemorar o 8 de abril tamén se programaron unha serie de actos nos colexios, sendo os alumnos os encargados de realizar un mural intercultural.

No Día Internacional dos Xitanos incidíuse na necesidade de reforzar o compromiso político a tódolos niveis considerando á poboación xitana como un valor de futuro e contribuíndo a que sexan cidadáns europeos de pleno dereito.